

ACORDOS COMITÉ TÉCNICO XIMNASIA TRAMPOLÍN

OURENSE, 15/01/2026

1. TECNIFICACIÓN 2026.

O orzamento aprobado na Asamblea co que se contará para 2026 será de 5.626,91 €. Dito orzamento está suxeito a presentación e realización do seguinte proxecto de tecnificación, presentado e acordado polo Comité autonómico:

Antecedentes: Este ano celebrarase o Campionato de Europa en Portugal no mes de abril e o Campionato do Mundo por Idades de Trampolín en China no mes de novembro, no cal teñen previsto participar ximnastas galegos se acadan a clasificación.

Preséntanse as distintas opcións para a tecnificación do 2026: realizar adestramentos de elite con un adestrador internacional canadiense ou apoiar economicamente aos ximnastas clasificados ao Mundial por Idades.

Propostas:

1. Apoiar economicamente aos ximnastas seleccionados para participar no Campionato do Mundo por Idades de Trampolín cos diversos custes derivados da súa asistencia ao mesmo: inscrición, aloxamento, manutención, desprazamento, etc.

A lista definitiva de seleccionados que formarán o equipo nacional será publicada por la RFEG.

2. Que se sufraguen os gastos de psicólogo e fisioterapeuta dos ximnastas galegos do equipo nacional absoluto que o precisen.

Estimamos a metade do presuposto total para o punto 1. e a outra metade para o punto 2.

Xustificación de gastos: Tódolos gastos deberán ser xustificados ca correspondente factura acreditativa do mesmo para poder ser abonados con cargo a tecnificación.

2. SUXERENCIAS E PREGUNTAS

Establécese a data da competición autonómica de elite e base:

- Campionato Galego Elite e Base: 27 e/ou 28 de xuño en sede a designar.

Consultase ao respecto de se é posible incorporar no presuposto da FGX unha partida específica para apoiar aos ximnastas de elite que están preparando a súa posible participación nas Olimpíadas. Respostaselles que se consultará este punto e informará ao respecto.